



Informe da Dirección Xeral en relación co asunto:

---

<b>Documento:</b>	Adenda á Memoria técnica da prospección arqueolóxica
<b>Proxecto:</b>	Parque eólico Serra de Liñares
<b>Localización:</b>	A Fonsagrada e Negueira de Muñiz (Lugo)
<b>Promotor obra:</b>	AV Serra de Liñares, SLU
<b>Remitente:</b>	Dirección Xeral de Enerxía e Minas (CEEI)
<b>S/clave:</b>	LU-11/146-EOL
<b>Data rexistro:</b>	12.12.2018
<b>Expediente:</b>	IA1092/2011 (Servizo de Arquitectura) e 03.I.393.2012.001 (Servizo de Arqueoloxía)

---

### ANTECEDENTES E FEITOS:

En relación co documento de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o seguinte antecedente:

- Estudo de impacto ambiental e Simulación gráfica desde o Camiño Primitivo do Parque eólico Serra de Liñares, informado polo director xeral do Patrimonio Cultural o 14.09.2012, cunha serie de condicionantes a cumprir, á vista dos informes técnicos e do acordo do Comité Asesor do Camiño de Santiago da xuntanza do 11.09.2012.

O 12.12.2018 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia unha nota interior da Dirección Xeral de Enerxía e Minas escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña polo que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita un informe en relación co documento de referencia. A estes efectos indícase unha dirección web na que se pode consultar a dita documentación.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Remítese a documentación para dar resposta ao informado pola Dirección Xeral de patrimonio Cultural o 14.09.2012 e o 24.03.2014.

Disposicións legais a ter en conta, en relación co patrimonio cultural:

- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo (DOG núm. 243 do 21.12.2018)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)
- Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo (DOG núm. 248 do 31.12.2012)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)

Tense en conta o exposto no informe do Servizo de Arquitectura que di:

O documento recolle as modificacións introducidas no deseño do parque eólico Serra de Liñares a raíz dos condicionantes requiridos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación coa afección ao Camiño de Santiago (Camiño Primitivo) e que se basean na reubicación do grupo de aeroxeradores 1 a 3 situados no Monte Picois.

En concreto as modificacións consisten en:

- Eliminación da aliñación de aeroxeradores 1 a 3 situada no Monte Picois, que inclúe accesos, gabias e plataformas de montaxe.
- Integración dun dos aeroxeradores eliminados na aliñación Serra de Liñares.
- Integración dos outros dous aeroxeradores eliminados na aliñación Serra de Penas Apañadas, o que supón o desprazamento de tres aeroxeradores desta aliñación e os seus accesos para acoller ás novas máquinas.

O Anexo I do documento recolle o *Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural. Anexo nº 2 á Memoria Técnica*, asinado polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo da empresa TOMOS, onde se recollen os resultados da revisión de posibles novas afeccións, concluíndo que non existe impacto.





Unha vez analizado o documento presentado pódense facer as seguintes consideracións:

- O novo deseño incorpora o requirido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe do 14.09.2012, consistente na reubicación do grupo de aerogeradores 1 a 3 situados no Monte Picois, os máis incidentes sobre o Camiño de Santiago.
- O novo deseño do parque eólico minora a incidencia visual sobre o Camiño e o seu territorio histórico e non varía a avaliación do impacto sobre o resto dos elementos do patrimonio cultural existentes na zona, xa que os novos emprazamentos non afectan ás súas áreas de protección.
- Cómpre manter as medidas correctoras establecidas no seu momento no Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, incluído no anexo XV do documento do EIA do Parque eólico Serra de Liñares, así como o resto dos condicionantes expostos no informe do director xeral do Patrimonio Cultural do 14.09.2012.

Á vista do exposto no informe dos servizos técnicos e tendo en conta o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sen prexuízo de calquera outro informe sectorial, autorización ou licenza que resulte precisa en virtude da natureza das intervencións emito, no exercicio das miñas competencias, o seguinte

INFORME:

O documento *Adenda á Memoria técnica da prospección arqueolóxica. Novembro de 2018* recolle a modificación do parque eólico Serra de Liñares conforme ao requirido no informe do director xeral do Patrimonio Cultural do 14.09.2012.

Por tal motivo, informo de xeito **favorable** o deseño do Parque eólico Serra de Liñares reflectido no dito documento, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, incluído no anexo XV do documento do EIA do Parque eólico Serra de Liñares, así como o resto dos condicionantes expostos no devandito informe do director xeral do Patrimonio Cultural do 14.09.2012.

(Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela)

A directora xeral do Patrimonio Cultural  
M<sup>a</sup> Carmen Martínez Insua

